



Este conto foi feito en Educación Infantil de 4 anos no ano 2010 a raíz da celebración do ANO DA BIODIVERSIDADE.

Traballamos na aula os 4 elementos da vida: terra, auga, aire e lume, e no entroido, cada ciclo se disfrazou dun deses elementos.

En Educación Infantil, disfrazámonos de auga nos seus tres estados:


- sólido: de folepas de neve
- líquido: de chuvia e gotiñas
- gasoso: de nubes

e fixemos este conto para tratar o Ciclo da Auga no noso planeta Terra.

Aproveitamos tamén para enlazar co proxecto que fixemos o curso anterior sobre exipto, e así recordar as cousas máis típicas.

Espero que vos guste! e ánimovos a inventar unha nova aventura para Pinguïña.

OLA, EU SON PINGUIÑA E VIVO NO FONDO DO MAR.




UN DÍA, QUIXEN VER QUE HABÍA ARRIBA, ASÍ QUE SUBÍN, SUBÍN, SUBÍN...



AO CHEGAR Á SUPERFICIE DO MAR,
PASOUME ALGO MOI RARO COA CALOR
DO SOL.



O MEU CORPO DIVIDIUSE EN
PINGUINHAS MOI PEQUENINHAS, QUE
SAIRON VO ANDO HACIA O SOL.
¡ESTABA EVAPORÁNDOME!



E SUBÍN, SUBÍN ATA QUE ME ATOPEE
CON MOITAS PINGUÍNAS COMA MIN
¡ESTABAMOS NUNHA NUBE!



LOGO, VEU O VENTO E LEVOUNOS
VOANDO POLO CÉO ICANTAS
PAISAXES PRECIOSAS VIMOS!

¡E POR FIN PARAMOS! ESTABAMOS
EN RIBA DUN MONTE E FACÍA
TANTO FRÍO QUE NOS XUNTAMOS MOITO



E CONVERTÉMONOS EN
¡FOLERPAS DE NEVE! ¡QUE BONITAS!

ENTÓN COMEZAMOS A CAER.



AO CHEGAR A PRIMAVERA, COA CALOR DO SOL, DERRETÉMONOS E BAIXAMOS POLOS REGATOS ATA UN LAGO ¡O LAGO VICTORIA!



E DESDE AQUÍ PASAMOS AO RÍO NILO, E VOLVEMOS A VIAXAR, PASANDO POR UGANDA, SUDÁN E EXIPTO.



EN EXIPTO VIN:

AS PIRAMIDES

PA. LMEIRAS,

HIPOPOTAMOS

E CROCODILOS,

REFRESCÁNDOSE NO RIO NILO.

E POR FIN, EN ALEXANDRÍA, CHEGUEI
AO MAR, ONDE ME ATOPEI DE NOVO
COS AMIGOS!

(VOLVE A LEVARME AO PRINCIPIO)





AUTORES:

A profe: Ana Iglesias

Os nen@s:

- Gonzalo Alves, Iker Barbero,
- Enzo Cabrera, Alex Castroagudín,
- Antía De Miranda, Jerikó Figueiras,
- Sergio Pérez, Olaia Quintas,
- Adrián Rodríguez, Tania Rodríguez,
- Serdio Souto e Diego Vila.